



Concello de Mugardos

Expediente núm.: 77/2025

Informe Técnico-Económico para a modificación da taxa.

INFORME TÉCNICO-ECONÓMICO PARA A MODIFICACIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DEPORTIVOS, CULTURAIS E DE LECER.

En uso das competencias locais recoñecidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello considerou necesario e oportuno establecer a taxa pola prestación de servizos deportivos, culturais e de lecer, que se recolleu na correspondente Ordenanza fiscal reguladora aprobada polo Pleno do Concello en data 18.06.2013 e publicada no BOP nº118 de 21.06.2013.

Para ese efecto, e en virtude do disposto no artigo 25 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, todo acordo de establecemento ou modificación de taxas deberá adoptarse á vista dun informe técnico-económico, no que se poña de manifesto a previsible cobertura do custo que xera a prestación do citado servizo e ademais para dar cumprimento ao solicitado verbalmente pola delegada de Cultura, Educación, Deportes e Turismo, do Concello de Mugardos (Decreto 2024-1008 de 30.08.2024), Begoña María Gómez Díaz, en relación co expediente relativo á modificación da ordenanza fiscal nº14 reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos, culturais e de lecer (proposta de modificación con Cod. Validación: 9TP93JPNXYTXAFALAMRE2ZTQQ), a que suscribe emite o seguinte:

INFORME-TÉCNICO ECONÓMICO

PRIMEIRO. Consideracións xerais.

O motivo que fundamenta a modificación da taxa reguladora da taxa pola prestación de servizos deportivos, culturais e de lecer que se pretende acometer non é outro que, en aras do equilibrio económico e a autonomía e suficiencia financeiras deste Concello, actualizar as contías que se deben pagar ao concello pola prestación de servizos deportivos culturais e de lecer co obxecto de incrementar o fondos para o sostemento ou mantemento dos citados servizos, e polo tanto reducir o elevado volume de débeda comercial e o déficit orzamentario así como a falta de liquidez da tesourería municipal.

En atención ao obxecto perseguido, a forma de cálculo que mellor se adapta á obtención dunha taxa pola prestación de servizos públicos ou realización de actividades administrativas, será o do custo completo, que estará formado polo custo directo e o custo indirecto da prestación da actividade ou servizo público.

O custo directo, que será aquel que se identifica plenamente coa prestación da actividade ou servizo.

Estará formado á súa vez por:

-O custo fixo, aquel que permanece constante, independentemente de que varíe o nivel de servizo ou actividade. Co que coñeceremos o gasto no que efectivamente se incorrería pola posta en marcha da prestación.

-O custo variable, aquel que depende ou cambia en función das unidades prestadas, variando en proporción directa ás variacións no volume de produción. Co que determinaremos o gasto no que se incorrería pola prestación dunha unidade de servizo ou actividade.





Concello de Mugardos

O custo indirecto do servizo, aquel que non se pode identificar plenamente co mesmo, debe ser asignado de forma global ao total de servizos do Concello.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable vén determinada por:

- Os artigos 15 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos 22.2.d), 47.1, e 106 e 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- O artigos 6 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos (concepto de taxa).

TERCEIRO. Estudo técnico-económico sobre os custos previsibles do servizo.

En consecuencia co anteriormente exposto, considérase para o mellor estudo económico o custo previsible do servizo ou da prestación da actividade.

O devandito custo previsible pódese deducir dos gastos consignados nas aplicacións do Estado de Gastos de 2025, prorrogado de 2022, e da súa liquidación do ano anterior (2024), dos importes directa ou indirectamente destinados ao servizo ou a prestación da actividade, así como o aumento previsible para o ano actual, tendo en conta, entre outros factores, a Lei de Orzamentos do Estado, Leis de acompañamento dos mesmos, e outros datos que teñen repercusión nos custos previsibles do mesmo como os distintos indicadores macroeconómicos da economía española, para compensar cos ingresos consignados no Estado de Ingresos os provenientes da taxa, destinados a sufragar aqueles gastos.

En base aos gastos consignados no Orzamento Municipal do ano 2025, prorrogado de 2022, e os datos arroxados polos gastos liquidados en 2024, que directa ou indirectamente aplícanse ao devandito servizo, estímase os seguintes custos:

A.- Custos fixos

Os custos fixos son aqueles que se identifican plenamente co servizo prestado e poden ser asignados de forma específica sen necesidade de prorrateo ou repartición algún entre outras actividades ou servizos.

Principalmente, os custos fixos agrúpanse pola súa natureza, de maneira que poderemos identificar catro tipos: custos relacionados co persoal imputado ao Servizo, custos relacionados co inmovilizado asociado ao Servizo, custos asociados a subministracións e servizos exteriores necesarios e outro tipo de custos non incluídos nos anteriores.

A.1.- Custos de persoal:

Trátase dos gastos do persoal de persoal asignada ao desenvolvemento do servizo. Incluiremos





Concello de Mugardos

nesta cifra as retribucións totais, incluída a cota obrigatoria á Seguridade Social e os pasivos sociais ou indemnizacións previstas por finalizacións de contratos ou por razón de servizo, as formacións ou perfeccionamento do persoal, os gastos de vestiario ou outros gastos sociais.

Considerando que todos os postos de traballo adscritos ao servizo non o están de forma exclusiva, realízase unha imputación en función da dedicación que se prevé destinen á mesma. Cabe distinguir:

— Persoal que se dediquen por completo ao servizo correspondente, impútase o custo integramente.

— Persoal cuxa dedicación é a tempo parcial. Neste caso estimouse o tempo de traballo que dedican a cada servizo e aplicado á súa retribución total, para agregar o resultado ao custo do servizo.

Sabendo a consignación orzamentaria que existe no persoal do Orzamento Municipal de 2025, prorrogado de 2022, e as actualizacións da Lei de Orzamentos, e o tempo estimado de dedicación do persoal, obtemos:

TIPO DE GASTO DE PERSOAL	Retribucións anuais	Cotas Seg.Social anuais	Total Retribución	% Tempo estimado dedicación	Custo
Persoal Laboral					
Posto de Traballo (Animadora Sociocultural, 15% da xornada anual escolas e obradoiros música)	31.339,06	9.494,86	40.833,92	15	6.125,09
Posto de Traballo (Animadora Sociocultural, 15% da xornada anual escolas e actividades culturais)	31.339,06	9.494,86	40.833,92	15	6.125,09
Posto de Traballo (Animadora Sociocultural, 30% da xornada anual obradoiros maiores)	31.339,06	9.494,86	40.833,92	30	12.250,18
Posto de traballo: (Administrativa Cultura, 5 xornadas matriculación+16 xornadas de outubro a maio)	33.822,89	9.835,82	43.658,71	9,59	4.186,87
Posto de Traballo (Animador Deportivo, 50 %	31.679,81	9.466,57	41.146,38	50	20.573,19





Concello de Mugardos

xornada anual)					
Posto de traballo: (Conserxe pabellón, 50% xornada anual)	28.521,19	9.636,68	38.157,87	50	19.078,94
TOTAL					68.339,36

A.2. Custos do inmovilizado:

Teráanse en conta todos os gastos relacionados co inmovilizado implicado na execución do servizo. Inclúense aquí os gastos de amortizacións do inmovilizado material e inmaterial; os gastos de reparacións, mantemento e conservación do inmovilizado; os custos relativos ás primas de seguros do inmovilizado; e o gasto en mobiliario, equipos de oficina e aplicacións informáticas; etc.

Sabendo as facturas rexistradas que existe neste Capítulo de Gastos do Orzamento municipal, e a proporción dedicada ao servizo, obtemos:

	CUSTOS INMOBILIZADO	TIPO DE GASTO	CUSTO
Amortizacións	0,00		0,00
Reparacións	894,21	Reparacións instalacións culturais e deportivas	0,00
Mantemento e conservación	1.496,52	Alarmas,extintores	0,00
Primas de seguros	1.268,71	Primas seguro	0,00
Gastos en mobiliario	0,00		0,00
TOTAIS	3.659,44		0,00

A.3. Custos de subministracións e servizos exteriores:

Recollense os gastos que xera o consumo de servizos e subministracións prestadas por terceiros, tales como os traballos realizados por outras empresas; as subministracións, ;o gasto de transporte, montaxe,desmontaxe; o gasto xerado por servizos de publicidade, propaganda e relacións públicas; o gasto en comunicación, etc.

Sabendo a consignación orzamentaria que existe neste Capítulo de Gastos do Orzamento municipal, e a necesidade existente para prestar o servizo ou actividade, obtemos:





Concello de Mugardos

CLASE CUSTO	TOTAIS (a)	Porcentaxe (b)	Importe aplicable ao servizo ou actividade (a x b)
Contratación monitores escolas e actividades deportivas (1.423 horas x 26,18 €/hora)	37.254,14	100%	37.254,14
Contratación monitores escolas e actividades culturais (465 horas x 26,18 €)	12.173,70	100%	12.173,70
Contratación escolas de música (1.577 horas x 29,77 €)	46.947,29	100%	46.947,29
Contratación persoal obradoiros (651,5 horas x 26,18 €)	17.056,27	100%	17.056,27
Contratación de limpeza conserxería local social (800 horas x 26,18 €/hora)	20.944,00	100%	20.944,00
Póliza accidentes usuarios actividades deportivas municipais	9.351,23	100%	9.351,23
TOTAL CUSTE DO SERVIZO			143.726,63

B. Custos indirectos

Os custos indirectos son aqueles que non se poden identificar plenamente co servizo e deben ser asignados de forma global mediante un prorrateo entre outras actividades e servizos. Correspóndense cos gastos dos servizos xerais de goberno e administración xeral, xestión tributaria ou recadación, e en concreto serán: Administración Xeral, Intervención e Tesourería.

TIPO DE GASTO INDIRECTO	CUSTO
Administración Xeral (solo subprograma 920)	517.605,91
Administración Financieira e Tributaria (subprogramas 931 e 934)	291.275,23
TOTAL	796.099,79

O total dos custos indirectos do Concello ascende a un importe de 796.099,79 euros.

O criterio seguido é distribuír o custo do total dos gastos indirectos entre os diferentes servizos públicos que se prestan en proporción ao valor dos mesmos, do seguinte xeito :

Para iso, tomaremos as obrigas recoñecidas (datos liquidación 2024) dos distintos servizos xerais enumerados:





Concello de Mugardos

TIPO DE CUSTE DIRECTO SERVICIOS	IMPORTE CUSTE DIRECTO	COEFICIENTE	IMPORTE IMPUTADO CUSTE INDIRECTO
Servizos públicos básicos (área de gasto 1)	2.504.621,40	0,442869665	352.568,45
Actuacións de protección e promoción social (área de gasto 2)	1.764.312,26	0,311967461	248.357,23
Producción de bens públicos de carácter preferente (área de gasto 3)	1.209.393,91	0,213846243	170.242,95
Actuacións de carácter económico (área de gasto 4)	177.109,23	0,031316631	24.931,16
TOTAL	5.655.436,80	1	796.099,79

TIPO DE CUSTE DIRECTO Área de gasto 3	IMPORTE CUSTE DIRECTO	COEFICIENTE	IMPORTE IMPUTADO CUSTE INDIRECTO
Custe directo servicios deportivos, culturais e de lecer	275.295,09	0,04867795	38.752,51
Resto custe directo área de gasto 3	934.098,82	0,165516829	131.490,44
TOTAL	1.209.393,91	0,21384624	170.242,95

Desta forma, o coeficiente aplicable para imputar os custos indirectos dos servizos deportivos, culturais e de lecer, será do 4,8678%; polo que o custo indirecto imputable ascende á cantidade de 38.752,51 euros.

C. Total custos:

Os custos totais asociados ao servizos deportivos, culturais e de lecer , serán o resultado do sumatorio dos custos fixos, os custos variables e os custos indirectos:

TIPO DE CUSTO	IMPORTE
Custos Fixos	215.725,43
Custos Variables	0
Custos indirectos	38.752,51
TOTAL CUSTE	254.477,94

Desta forma, o custo total asociado aos servizos deportivos, culturais e de lecer, é de 254.477,94 euros, o que supón un 3,1743% do Estado de Gastos do Orzamento Municipal deste Concello 2025, prorrogado de 2022 (8.016.753,42 €)





Concello de Mugardos

QUINTO. Fixación das tarifas estudadas

A cantidade a esixir e liquidar por estas taxas obterase da solicitude de inscrición nas actividades correspondentes e a formalización da matrícula así como ao desenvolvemento da actividade.

Conforme aos artigos 24 e 25 do TRLRFL, o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do coste real ou previsible do servizo ou actividade de que se trata.

Se analizamos os importes da proposta de modificación da taxa e utilizamos os datos de inscricións e matrículas do curso 2024/2025 que obtemos do programa deporexest, así como os datos de ingresos solicitados en 2025 a outras administracións públicas (subvencións solicitadas á Deputación da Coruña), obtemos os seguintes importes:

CLASE DE INGRESO		Porcentaxe	Importe aplicable ao servizo ou actividade
Ingresos matrículas e mensualidades escolas e actividades deportivas	35.540,00	100 %	35.540,00
Ingresos matrículas e mensualidades escolas e actividades culturais	7.944,00	100 %	7.944,00
Ingresos matrículas e mensualidades escola e obradoiros de música	30.109,00	100 %	30.109,00
Ingresos obradoiros maiores	13.864,00	100 %	13.864,00
Ingreso subvención persoal técnico dos servizos municipais de deporte	15.000,00	50 %	7.500,00
Ingreso subvención persoal técnico en animación sociocultural	10.000,00	60 %	6.000,00
Ingreso subvención mantemento escola municipal de música	12.500,00	100 %	12.500,00
TOTAL INGRESOS			113.457,00

SERVIZO	COSTES DIRECTOS	COSTES INDIRECTOS	TOTAL COSTES	INGRESOS	%COBERTURA
ESCOLA E ACTIVIDADES MUSICAIS	55.075,58	9.893,67	64.969,25	44.109,00	67,89
ESCOLA E ACTIVIDADES CULTURAIS	18.989,47	3.411,23	22.400,70	9.444,00	42,15
ESCOLA E ACTIVIDADES DEPORTIVAS	89.513,26	16.079,99	105.593,26	43.040,00	40,76
OBRADOIROS MAIORES	52.147,12	9.367,61	61.514,73	16.864,00	27,41
TOTAL	215.725,43	38.752,51	254.477,94	113.457,00	44,58





Concello de Mugardos

IMPORTE DOS CUSTES ESTIMADOS/PREVISTOS	254.477,94
IMPORTE DOS INGRESOS ESTIMADOS/PREVISTOS	113.457,00
%DE COBERTURA	44,58%

Do cal podemos extraer que a proposta de modificación das taxas pola prestacións dos servizos deportivos culturais e de lecer non excede, no seu conxunto do custe real ou previsible do servizo ou actividade que se trata.

Asinado dixitalmente pola interventora municipal, na data que figura no panel de sinaturas.

